



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Bases de Datos Analíticas		Código	614G02025
Titulación	Grao en Ciencia e Enxeñaría de Datos			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información			
Coordinación	Bernardo Roca, Guillermo de		Correo electrónico	guillermo.debernardo@udc.es
Profesorado	Bernardo Roca, Guillermo de Silva Coira, Fernando		Correo electrónico	guillermo.debernardo@udc.es fernando.silva@udc.es
Web				
Descrición xeral	A materia introduce os conceptos fundamentais da contorna analítica e profundiza na definición, deseño e explotación de almacéns de datos, introducindo as principais alternativas aos mesmos. Introdúcense os principais mecanismos de explotación de almacéns de datos, con especial énfase no SQL analítico e a visualización, así como a definición de métricas e indicadores de negocio.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A7	CE7 - Coñecemento das características, funcionalidades e arquitectura dos sistemas de xestión de bases de datos.
A8	CE8 - Coñecemento e aplicación de conceptos e técnicas relativos ao deseño, implementación e explotación de bases de datos.
A9	CE9 - Capacidade para analizar e avaliar as alternativas de tecnoloxías de bases de datos dispoñibles que permitan desenvolver sistemas para a toma de decisións.
B2	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B7	CG2 - Elaborar adecuadamente e con certa orixinalidade composicións escritas ou argumentos motivados, redactar plans, proxectos de traballo, artigos científicos e formular hipóteses razoables.
B8	CG3 - Ser capaz de manter e estender formulacións teóricas fundadas para permitir a introdución e explotación de tecnoloxías novas e avanzadas no campo.
B9	CG4 - Capacidade para abordar con éxito todas as etapas dun proxecto de datos: exploración previa dos datos, preprocesado, análise, visualización e comunicación de resultados.
B10	CG5 - Ser capaz de traballar en equipo, especialmente de carácter multidisciplinar, e ser hábiles na xestión do tempo, persoas e toma de decisións.
C2	CT2 - Estimular a capacidade para traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sustentable ambiental, económico, político e social.
C3	CT3 - Capacidade de xestionar tempos e recursos: desenvolver plans, priorizar actividades, identificar as críticas, establecer prazos e cumprilos.
C4	CT4 - Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
C5	CT5 - Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.

Resultados da aprendizaxe



Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	A7	B3	
Coñecer os fundamentos dos almacéns de datos	A8	B8	
	A9	B9	
Desenvolver capacidades para deseñar e explotar almacéns de datos	A8	B2	C2
	A9	B3	C3
		B4	
		B7	
		B8	
	B10		
Dominar as consultas analíticas en SQL	A8	B9	
Desenvolver capacidades para establecer métricas e indicadores de negocio, e facilitar a visualización de información relevante do almacén de datos	A7		C4
	A8		C5
	A9		
Identificar e analizar as alternativas existentes aos almacéns de datos	A7	B3	C4
	A8		C5

Contidos	
Temas	Subtemas
Almacéns de datos	Conceptos de almacéns de datos Deseño Explotación
SQL analítico	Group by avanzado Funcións de ventá
Métricas e indicadores de negocio dentro dos almacéns de datos	Métricas e indicadores
Visualización de almacéns de datos	Conceptos Ferramentas
Alternativas aos almacéns de datos	Data Lake Outras alternativas

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Prácticas a través de TIC	A9 A8 B2 B3 B4 B7 B9 B10 C3 C4 C5	10	30	40
Traballos tutelados	A8 B2 B4 B7 B9 B10 C2 C3 C4	1	25	26
Proba mixta	A9 A7 A8 B2 B3 B8	0	2	2
Solución de problemas	A9 A8 B2 B9 C3	10	26	36
Sesión maxistral	A9 A7 A8 B3 C4 C5	21	21	42
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas a través de TIC	Plantexaranse problemas específicos a resolver polo alumnado utilizando as técnicas e ferramentas vistas na maería



Traballos tutelados	O alumnado deberá propoñer e resolver un problema de deseño e explotación de almacéns de datos. O traballo realizarase en grupos, e realizarase unha defensa final.
Proba mixta	Realización dunha proba escrita individual na que se avaliarán os conceptos explicados na materia
Solución de problemas	Presentación ao alumnado de casos concretos para a súa análise e resolución.
Sesión maxistral	Exposición dos contidos teóricos fundamentais da materia, en combinacións con aspectos de aplicación práctica.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas a través de TIC	Nas prácticas e traballos tutelados realizarase un seguimento individualizado das tarefas realizadas por parte do alumnado. O profesor resolverá dúbidas e propondrá melloras a cada estudante ou grupo.
Traballos tutelados	Na exposición de problemas, o profesor debatirá cos alumnos as posibles solucións.
Solución de problemas	A atención personalizada realizarase preferiblemente por medios telemáticos (Teams será a canle preferente).

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Prácticas a través de TIC	A9 A8 B2 B3 B4 B7 B9 B10 C3 C4 C5	Realización das tarefas prácticas propostas.	30
Traballos tutelados	A8 B2 B4 B7 B9 B10 C2 C3 C4	Avaliarase a calidade do traballo realizado e a súa defensa.	40
Proba mixta	A9 A7 A8 B2 B3 B8	Proba individual escrita, sobre os contidos da materia	30

Observacións avaliación

PRIMEIRA OPORTUNIDADE

Para aprobar a materia é necesario obter unha cualificación global igual ou superior a 5, e ademais:

Unha NOTA MÍNIMA de 2 (sobre 4) nos traballos tutelados. Unha NOTA MÍNIMA de 1,5 (sobre 3) na proba mixta. De non obter algunha destas notas mínimas, a nota máxima global da materia non será superior a un 4,5.

Terá cualificación de NON PRESENTADO calquera estudante que non realice a proba mixta.

SEGUNDA OPORTUNIDADE

Poderán presentarse á segunda oportunidade ÚNICAMENTE aqueles/as estudantes que non superasen a materia na primeira oportunidade. A recuperación de cada unha das partes farase da seguinte forma:

Traballos tutelados: poderán recuperarse os traballos tutelados non entregados ou que non acadaron a nota mínima na primeira oportunidade.

Prácticas: cada práctica poderá recuperarse realizando unha nova entrega na segunda oportunidade. Proba mixta: poderá recuperarse realizando o exame, nas mesmas condicións que na primeira oportunidade. Se un/unha estudante decide non realizar a recuperación de algunha das partes, conservará a nota obtida na primeira oportunidade nesa parte. Na segunda oportunidade mantéñense as mesmas porcentaxes de avaliación e notas mínimas da primeira oportunidade. Terá cualificación de NON PRESENTADO calquera estudante que non opte á recuperación de ningunha das partes.

DISPENSA ACADÉMICA

Aqueles/as estudantes con matrícula a tempo parcial e dispensa académica que lles exima da asistencia ás clases deberán contactar cos docentes nas primeiras semanas do curso para determinar as condicións de entrega das prácticas e traballos tutelados.

FRAUDE E RESPONSABILIDADES DISCIPLINARIAS

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario

Fontes de información



Bibliografía básica	- Kimball, R.; Ross, M. (2013). The Data Warehouse Toolkit (3 ed.). Wiley - Golfarelli, M.; Rizzi, S. (2009). Data Warehouse Design: Modern Principles and Methodologies. McGraw-Hill
Bibliografía complementaria	- Sharda, R. Delen; Turba, E. (2014). Business intelligence: A managerial perspective on analytics. Prentice-Hall - Inmon, W. H. (2002). Building the Data Warehouse, 3rd edition. Wiley

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Modelaxe de Bases de Datos/614G02016

Introdución ás Bases de Datos/614G02008

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Perspectiva de xénero: Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (uso de linguaxe non sexista, etc.) traballarse para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influir na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Tratarase de detectar situacións de discriminación por razón de xénero e de propor accións e medidas para corrixilas.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías